



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Intervención nas alteracións da linguaxe. fala. audición e voz: da teoría á práctica clínica		Código	652498029	
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5	
Idioma	Castelán				
Prerrequisitos					
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en EducaciónPsicoloxía Evolutiva e da Educación				
Coordinación	García Real, Teresa Juana		Correo electrónico	teresa.greal@udc.es	
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat García Real, Teresa Juana		Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es teresa.greal@udc.es	
Web					
Descrición xeral					

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A4	Os estudantes coñecerán as características diferenciales da intervención na linguaxe e na comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial.
A5	Os alumnos/as saberán realizar unha intervención nos trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc.
B2	Serán capaces de comportarse con ética e responsabilidade social como cidadáns e como profesionais.
B4	Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C2	Os alumnos/as entenderán a importancia da cultura emprendedora e coñecerán os medios ó alcance das persoas emprendedoras.
C3	Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
<p>XERAIS DA MATERIA</p> <p>Poden informar sobre os principios xerais da intervención nas dificultades da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.</p> <p>Son capaces de aplicar os modelos e as técnicas de intervención.</p> <p>Poden describir as características diferenciais da intervención na linguaxe e a comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial.</p> <p>Son capaces de realizar unha intervención en trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo y as inhibicións da linguaxe.</p> <p>Son capaces de facer unha planificación estratéxica da intervención na área da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Posúen os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.</p>	AP4 AP5	BP2 BP4	CP2 CP3

Contidos

Temas	Subtemas



Prof. Teresa García Real	
Tema 1. Fundamentos básicos da Terapia vocal.	Principios Indicacións e limitacións Enfoques terapéuticos e perfil do terapeuta
Tema 2: Intervención vocal nas Disfonías funcionais: Postura e xesticulación corporal, respiración.	Postura e xesticulación corporal Respiración, fonación, impostación e articulación Adestramento práctico dos recursos terapéuticos
Tema 3: Intervención vocal específica nas Disfonías orgánicas.	Parálise vocal, larinxectomías. Adestramento práctico.
Tema 4: Programación de casos clínicos.	Ordenación de datos, obxectivos, metodoloxía, aplicación de recursos terapéuticos e confección de informes.
Prof. M ^a . Ángeles Mayor Cinca	
Tema 7. Intervención en trastornos específicos da linguaxe na infancia	
Grupo da Unidade de Foniatría, Logopedia e Audiología do Hospital Universitario de Salamanca:	
Prof. Pablo Barrios Sánchez	
Tema 8. Rehabilitación en trastornos da fala	Introducción. Disglosia. Definición e clasificación. Abordaxe xeral. Disartria. Definición e clasificación. Rehabilitación. Disfemia. Rehabilitación en nenos. Rehabilitación en adultos. Técnicas específicas de control da fala
Prof. José Manuel Gorospe Arocena	
Tema 9. Aspectos básicos da deficiencia auditiva	Definición e consecuencias da deficiencia auditiva no neno e no adulto. Prótesis auditivas e Implante coclear.
Tema 10. Rehabilitación audiolóxica en adultos con deficiencia auditiva.	Elementos da rehabilitación audiolóxica. Entrenamento auditivo e da comunicación. A discapacidade como obxectivo nos programas de rehabilitación audiolóxica.
Prof. Eliseo Martín Martín	
Tema 11. Orientación e estratexias de intervención en nenos con deficiencia auditiva.	O neno deficiente auditivo portador de Implante Coclear. Consideracións xerais. Criterios de selección e factores diferenciadores e de pronóstico. Rehabilitación e intervención pedagóxica. Programa de adestramento auditivo.
Prof. Carmen Sánchez Mollón	
Tema 12.- La afasia	- Definición - Semiología - Manifestacións que acompañan á afasia - Formas clínicas de afasia
Tema 13.- Rehabilitación da afasia	- Pautas xerais sobre a rehabilitación nas afasias - Rehabilitación da sintomatoloxía nas afasias

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	9	18	27
Lecturas	6	6	12
Portafolios do alumno	0	15	15
Traballos tutelados	1	15	16
Obradoiro	6.5	0	6.5



Estudo de casos	14	14	28
Discusión dirixida	3	3	6
Atención personalizada	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario.</p> <p>Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo.</p> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p>
Lecturas	<p>Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.</p> <p>Para a Prof. Carmen Sánchez Mollón será de lectura obrigatoria:</p> <p>Capítulo IX &quot;Consideracións Xerais sobre a rehabilitación das afasias e trastornos asociados&quot;, En - Pena Casanova. J. e Pérez Pamies, Masón.: Rehabilitación das afasias e trastornos asociados. Masson, 1984</p>
Portafolios do alumno	<p>En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.</p>
Traballos tutelados	<p>Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo.</p> <p>Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre</p>
Obradoiro	<p>Os 2 créditos impartidos pola profesora Teresa García Real serán completamente prácticos e desenvolveranse en forma de taller.</p> <p>A parte práctica da prof.a Carmen Sánchez Mollón consistía en:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Presentación de casos clínicos (Historia clínica) 2.- Elaboración do programa inicial de rehabilitación (por grupos de alumnos) 3.- Exposición e debate,

Estudo de casos	A parte práctica impartida polo prof. Eliseo Martín consistirá en: Presentación de caso moi representativo de neno con implante coclear. Cuestionario para o traballo en grupo sobre a presentación realizada. Exposición e comentario sobre as respostas achegadas no cuestionario.
Discusión dirixida	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos		10
Discusión dirixida		10
Obradoiro		10
Sesión maxistral		10
Lecturas		10
Portafolios do alumno		40
Traballos tutelados		10

Observacións avaliación

A avaliación realizarase de forma individualizada en cada unha das materias do máster. A avaliación será continua e incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías